

APUNTAMENTOS PARA UNHA HISTORIA DA ESCOLA DE MAXISTERIO DE LUGO (1842-1972)

Francisco Rodríguez Lestegás
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo

En 1842 creouse a Escola Normal de Mestres de Lugo. A inauguración dunha Escola Normal de Mestras na mesma cidade retrasouse, en cambio, ata 1916. A II República situou a este tipo de centros nun nivel semellante ó das máis adiantadas institucións europeas dedicadas á formación do profesorado. Por desgracia, a ditadura franquista representou un deplorable retroceso neste ámbito. En 1972, as Escolas de Maxisterio integráronse na Universidade. Este traballo pretende aportar algunhas claves para reconstruír os 130 anos de duración deste proceso.

Palabras clave: Historia da educación. Formación de mestres. Escola de Maxisterio de Lugo.

Abstract

The Teachers' Training College for men of Lugo was made in 1842. However, the inauguration of a Teachers' Training College for women in that city was delayed until 1916. The II Republic placed this kind of centers equal to the more advanced european institutions dedicated to teachers' training. Unfortunately, Franco's dictatorship represented a deplorable backward movement in this field. The Teachers' Training Colleges was incorporated into University in 1972. This paper tries to make some keys in order to reconstruct the 130 years of length of this process.

Keywords: Education history. Teachers' training. Teachers' Training College of Lugo.

Entre 1842, cando se creou a Escola Normal de Mestres de Lugo, e 1972, data da integración –alomenos desde o punto de vista legal– das Escolas de Maxisterio na Universidade, transcorreron 130 anos marcados por unha morea de vicisitudes que lles afectaron ós centros encargados da preparación dos mestres e das mestras lucenses, unhas veces de maneira singular e outras no contexto das continuas mudanzas, non sempre afortunadas, ás que se veu sometida a formación do maxisterio no noso país. No que segue, proporcionaranse algunhas claves para un mellor coñecemento desta traxectoria histórica.

1. 1842-1901: alba e solpor da Escola Normal de Mestres de Lugo

As “Escolas Normais” introdúcense no noso país tras a chegada ó poder da burguesía liberal, durante o reinado de Isabel II, unha vez rematado o funesto período absolutista de Fernando VII. A primeira delas, a Escola Normal Central de Mestres, creouse en Madrid en 1839 gracias á tenaz iniciativa de Pablo Montesino, coa dobre finalidade de formar tanto ós mestres coma ós profesores encargados de estender este tipo de centros por todo o territorio nacional. Así, nos anos seguintes van aparecendo novas escolas normais en diversas provincias, aínda que a promulgación do Regulamento Orgánico que sinalaba as pautas xerais relativas ó seu funcionamento retrasouse ata 1843.

Deste xeito, en 1845 xa eran 42 os centros de formación de mestres existentes en España (Escolano, 1982), entre eles a Escola Normal de Mestres de Lugo, a inauguración oficial da cal tivo lugar o 30 de outubro de 1842, se ben a súa actividade non se puido consolidar ata 1849, cando se habilitaron para ese fin unhas dependencias anexas ó Convento de Santo Domingo, lindantes a unha calexa situada entre o edificio conventual e a Praza de Abastos construída uns anos antes¹. O nomeamento do primeiro Director da Escola recaeu en Rafael García Andrés (Castro, 1951; Prado, 1990, 1994).

Con posterioridade, a Lei de Instrucción Pública dictada por Claudio Moyano en 1857 contempla as Escolas Normais como centros de carácter profesional (igual que as de veterinarios, profesores mercantís, náutica, apareladores e agrimensores), o que non exclúe un forte carácter culturalista do seu plan de estudos. A lexislación establece unha Escola Normal Central de Mestres en Madrid e unha en cada capital de provincia.

No marco do recentemente creado Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes, os abrentes do século XX² coñeceron unha actividade lexislativa máis frenética que fructífera en relación coa organización do sistema docente e o permanentemente aberto debate sobre o modelo formativo dos mestres. Motivada pola redución do número de alumnos e as restriccións orzamentarias, resultará especialmente negativa a disposición do Conde de Romanones en virtude da cal se dictamina a incorporación dos estudos de Maxisterio ós Institutos Xerais e Técnicos³. A posta en práctica desta normativa significará

¹ Nese emprazamento é onde actualmente se levanta o edificio número 16 da Praza de Santo Domingo.

² En 1900 consta Manuel Taboada Torres como Director da Escola Normal de Mestres de Lugo. Era profesor deste centro desde 1890 e adquiriu a condición de Profesor numerario de Ciencias en 1898. Foi nomeado Director interino en 1892 e Director en propiedade en 1899 (Correa, 1900).

³ Real Decreto de 17 de agosto de 1901, reformando os estudos de segunda ensinanza e as ensinanzas técnicas do Maxisterio, Agricultura, Industria, Comercio, Belas Artes e Artes industriais (Gaceta de Madrid do 19 de agosto).

a desaparición temporal da Escola Normal de Mestres de Lugo, que pasa a formar parte do Instituto o ano 1901.

2. 1916: unha Escola Normal de Mestras para Lugo

Aínda que xa existían algunhas Escolas Normais femininas antes de 1857, a promulgación da Lei Moyano supuxo un pulo de primeira magnitude para a posta en marcha deste tipo de centros. En particular, o ano 1858 resulta especialmente sinalado para a formación do maxisterio feminino por ser cando se abre en Madrid a Escola Normal Central de Mestras. De todos os xeitos, a disposición legal relativa á obrigatoriedade da creación de escolas de formación de mestras pospúxose ata finais de 1867 (Escolano, 1982) e os estudos conducentes á obtención do título correspondente non se regulamentaron oficialmente ata dez anos máis tarde, coa particularidade engadida de que, como resultado do papel secundario asignado á muller no eido educativo, os estudos de mestra reunían unha calidade moi inferior á dos que realizaban os seus colegas masculinos.

Aínda por riba, a disposición pola que se dota a Lugo dunha Escola Normal de Mestras retrásase ata o ano 1916⁴. Certas elites locais levaban algún tempo reclamando a reapertura na cidade dunha Escola Normal de Mestres; mesmo, segundo recolle o diario *El Progreso*, o día 27 de setembro de 1914, domingo, tivo lugar no Teatro-Circo un mitin, lamentablemente pouco concorrido, para reivindicar a creación dun centro desta natureza en Lugo. Sen embargo, as autoridades responsables da decisión acabaron inclinándose pola opción feminina⁵, de tal xeito que, no solemne acto de inauguración do centro (ás 6 da tarde do 21 de outubro de 1916), o presidente da Deputación Provincial expuxo os motivos que o levaran a decidirse pola creación dunha Escola Normal de Mestras, tal como recolle, aínda que sen proporcionar información máis detallada, o diario *El Progreso*.

A Escola empezou a súa andadura no Pazo da Deputación Provincial de forma provisoria⁶, se ben as circunstancias de precariedade mantivéronse

⁴ Real Decreto de 25 de febreiro de 1916, creando en Lugo unha Escola Normal de Mestras (Gaceta de Madrid do 27 de febreiro). Nesa disposición determínase que os gastos de instalación e sostemento da Escola correrán a cargo da Deputación Provincial. A noticia, longamente agardada, dáse a coñecer inmediatamente a través do diario *El Progreso*.

⁵ O Real Decreto de 30 de agosto de 1914, relativo á reorganización das Escolas Normais de Primeira Ensinanza (Gaceta de Madrid do 2 de setembro), establecía que «*las provincias que no teniendo Escuelas Normales quieran establecerlas, deberán solicitarlo del Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes, obligándose a ingresar en el Tesoro el importe de los gastos a que ascienda su instalación y sostenimiento*».

⁶ O diario *El Progreso*, na súa edición do 6 de setembro de 1916, recollía a seguinte información: «*Con objeto de instalar en esta capital la Escuela Normal de Maestras, la Comisión provincial señaló el término de 15 días para que los propietarios de fincas urbanas presenten*

durante 38 anos, en tanto non se construíu un edificio específico destinado ás Escolas do Maxisterio e as súas Graduadas Anexas. Carmen Pardo Losada, nomeada Profesora numeraria de “Pedagogía e a súa Historia e Rudimentos de Dereito e Lexislación escolar”⁷, foi a primeira directora da Escola, tomando posesión do cargo o 20 de setembro de 1916, data na que o centro comezou a funcionar de feito. Baixo a presidencia de Carmen Pardo, reuniuse o primeiro claustro o 6 de outubro dese ano⁸. O diario *El Progreso* informou puntualmente sobre o acto inaugural, celebrado o 21 de outubro tal como quedou apuntado, no que Carmen Pardo Losada leu un aplaudido discurso sobre a educación da muller.

3. Os tempos republicanos, un fugaz resplandor

Despois de case un século de existencia e tras ter sufrido vicisitudes de moi diverso signo, as Escolas Normais e a formación dos mestres e mestras atoparán no período republicano iniciado en 1931 a posibilidade de descubrir, por fin, insólitos horizontes. A Escola Normal de Mestras de Lugo respondeu con gran dilixencia á arribada da II República, tal como se desprende do contido da sesión claustral celebrada o 16 de abril de 1931, na que se acordou por unanimidade enviar un telegrama ó Ministerio de Instrucción Pública redactado nos seguintes termos: *“Reunido el Claustro de Profesores de este Centro acordaron todos en general adherirse al gobierno provisional y ponerse a su disposición”*⁹.

A entrada en vigor do réxime republicano supuxo o primeiro cambio na dirección da Escola. En efecto, co obxecto de dar cumprimento ó disposto na nova normativa ó respecto¹⁰, o Claustro, na súa reunión do día 8 de maio,

proposiciones en la Secretaría de la Diputación, ofreciéndolas en arrendamiento y fijando el precio o la renta anual del mismo. Dichas fincas han de tener, cuando menos, siete habitaciones o departamentos en condiciones higiénicas y pedagógicas, reservándose la Diputación, previo informe del Médico Director del Hospital, del Arquitecto provincial y del Inspector de Primera Enseñanza, aceptar la proposición que sea más beneficiosa para la enseñanza y los intereses provinciales”. Tan só catro días despois aparecía unha nova noticia: *“La comisión provincial ha elevado una instancia al ministro de Hacienda suplicando con carácter provisional le sea cedida una parte del edificio que ocupa la Delegación de Hacienda para instalar la Escuela Normal de maestras*”. A cuestión concluíu cun oficio que o Goberno Civil dirixiu á Dirección Xeral de Primeira Ensinanza para que a Deputación designase o local destinado á Escola Normal de Mestras.

⁷ O seu nomeamento como Profesora numeraria apareceu na Real Orde de 1 de setembro de 1916 (Gaceta de Madrid do 4 de setembro).

⁸ Actas de Claustro de Profesores (Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela, no sucesivo AHU).

⁹ *Ibidem*.

¹⁰ Orde do 30 de abril de 1931 (Gaceta de Madrid do 3 de maio) sobre propostas para exercer o cargo de Director que deben remitir os centros docentes.

decidiu por maioría propoñer a Ana M^a Múgica Martínez. Por unanimidade acordouse, ademais, facer constar

“que el criterio que impulsa al Claustro a proponer cambio de Directora no implica censura alguna por la labor que tan acertadamente ha realizado durante tantos años la Srta. Pardo Losada, sino que cree necesario y conveniente para la marcha cultural de la Escuela una renovación de cargos con objeto de que no se vincule de por vida una determinada persona, sino que mediante un régimen de turno con un plazo prudencial puedan todas las profesoras compartir las difíciles y penosas tareas de la Dirección”¹¹.

O plan de estudos deseñado ese mesmo ano¹² establecía a esixencia do Bacharelato Universitario e un exame-oposición a un número acotado de prazas para acceder ós estudos de Maxisterio, cunha duración de tres cursos, un exame final de conxunto e un ano escolar completo de prácticas docentes. Ó propio tempo, dotouse ás Escolas Normais do Maxisterio primario –a súa nova denominación– dun carácter realmente profesionalizador, co estilo e nivel académico propios das máis adiantadas institucións europeas dedicadas á formación do profesorado; a iso contribuíu a súa organización en réxime de coeducación e con profesorado de ambos sexos. Partindo do principio de que o primeiro deber de toda democracia radica en resolver plenamente o problema da instrución pública e reafirmando a convicción de que esta cuestión require unha atención prioritaria á formación de mestres, os obxectivos esenciais do chamado “Plan Profesional da República” centrábanse en introducir nas Escolas Normais os valores democráticos republicanos e apostar por un perfil de mestre que fose quen de contribuír ó cambio da sociedade (Escolano, 1982; González Pérez, 1994; Guzmán, 1973).

De todos os xeitos, o funcionamento da Escola Normal do Maxisterio primario de Lugo debeu ser bastante axitado durante este período, a xulgar polos continuos cambios de dirección que se sucederon: Ana M^a Múgica Martínez (“Física, Química, Historia Natural e Agricultura”) tan só permaneceu no cargo entre mediados de 1931 e finais de 1933; María Padrón González (“Historia”) desempeñou a dirección desde marzo de 1934 ata xullo de 1935; daquela asumiu as funcións propias do cargo a vicedirectora Herminia Martínez Cabrera (“Gramática e Literatura Castelá”), que cesa dous días antes do estoupido da Guerra Civil¹³.

¹¹ Actas de Claustro de Profesores (AHU).

¹² Decreto de 29 de setembro de 1931, dictando normas relativas á preparación do Maxisterio primario (Gaceta de Madrid do 30 de setembro).

¹³ Rexistro de actas de tomas de posesión e ceses do profesorado (AHU).

4. Os primeiros anos do franquismo: a reviravolta nacional-catolicista

Dado o seu recoñecido carácter innovador, o Plan de 1931 adoita ser considerado como o máis completo de todos os plans de estudos para a obtención do título de Mestre que se desenvolveron en España e o único orientado a “*potenciar la capacidad de los profesores como generadores de conocimiento profesional*” (González Pérez, 1994, p. 176). Sen embargo, a radical derogación da normativa republicana e os sucesivos programas de formación de mestres levados a cabo durante o réxime franquista representaron un deplorable retroceso neste sentido (Benejam, 1986).

A sublevación militar de 1936 debeu ser recibida con gran alborozo por parte do profesorado da Escola Normal do Maxisterio primario de Lugo, se temos en conta o único tema tratado no Claustro extraordinario celebrado, baixo a presidencia da directora accidental Isidora Elena Pestaña Amigo (“*Labores e Traballos Manuais*”), o 27 de agosto de 1936:

*“Dar cuenta de un oficio enviado por el Excmo. señor Gobernador Civil de la provincia de Lugo de fecha 9 de agosto, comunicando su toma de posesión y testimoniando sus desvelos y entusiasmos por la noble causa de la restauración espiritual y material de la noble patria española. Enterados los presentes, acuerdan por unanimidad adherirse con todo entusiasmo al movimiento salvador de la Patria y visitar al Excmo. señor Gobernador para darle cuenta del acuerdo tomado y saludarle y agradecerle su atento ofrecimiento”*¹⁴.

Desa adhesión inquebrantable non debía participar o director (polo menos nominal) Narciso Aloguin Bedito, quen cesa como tal o 16 de setembro de 1936 por ter sido destituído polo Gobernador Civil da provincia con esa mesma data, notificándosele pouco despois a separación definitiva do servizo e a correspondente baixa no escalafón. Lonxe de apoios e solidariedades co compañeiro represaliado, o día 9 de novembro do mesmo ano a acabada de nomear directora María Padrón González, no primeiro claustro que preside, proponlles ós presentes felicitar ó Excmo. Sr. Xefe do Estado Sr. Franco e comunicarlle “*la satisfacción del claustro por verle al frente del Estado español y ofrecerse para ayudar y secundar su obra*”, o que resulta aprobado por unanimidade¹⁵.

Como xa quedou apuntado, Carmen Pardo Losada desempeñara o cargo de directora da Escola desde a súa creación no ano 1916 ata 1931. Tras o

¹⁴ Actas de Claustro de Profesores (AHU).

¹⁵ Actas de Claustro de Profesores e Rexistro de actas de tomas de posesión e ceses do profesorado (AHU).

turbulento período que se prolongou durante os seis anos seguintes, Alfredo Rodríguez Labajo, á sazón Catedrático de Matemáticas e Director do Instituto Nacional de Ensinanza Media de Lugo, recibiu o nomeamento de Comisario-Director da Escola¹⁶. Por fin, tan longo período de inestabilidade na dirección do centro rematou en setembro de 1939, cando novamente foi nomeada Directora Carmen Pardo, “ausente en territorio no dominado por el Ejército Español” desde o arrinque da guerra¹⁷.

O goberno franquista dictou a súa primeira circular en materia de educación o 5 de marzo de 1938, dirixida “a la Inspección de Primera Enseñanza y Maestros Nacionales, Municipales y Privados de la España Nacional”. Do seu contido pódese tirar facilmente cál era a conceptualización da escola e do profesorado que inspiraban as propostas educativas dos novos gobernantes: “al maestro se le encomienda esta obra trascendental. España le entrega a sus hijos para formarlos en el amor a Dios y a su Patria. De ahí la gloria y la estrecha responsabilidad del Magisterio Nacional”.

Así as cousas, en 1940 dase por concluído o Plan republicano¹⁸, establecendo no seu lugar o “Plan dos Bachareles-Mestres”, segundo o cal os bachareles podían converterse en mestres unha vez cumprido o simple e único requisito da aprobación de doce asignaturas, trámite que, ademais, era posible realizar por ensino libre, aínda que se establecían cursiños intensivos para os que desexasen seguir os seus estudos en réxime de ensino oficial (Guzmán, 1973). A depuración dun considerable número de mestres por causa da súa lealdade á legalidade gubernamental republicana obrigou a improvisar un mecanismo que posibilitase unha formación acelerada de novos docentes (Cárdenas, 1987).

Ó mesmo tempo, declárase prohibido o sistema de coeducación e conságrase o principio “cristián” da rigorosa separación de sexos nos centros dedicados á formación de mestres e mestras. A obsesión por evitar todo contacto, mesmo visual, entre estudantes varóns e mulleres chega a extremos verdadeiramente hilarantes. En efecto, na reunión do Claustro de Profesores celebrado o 17 de outubro de 1942 acórdase elevar á Excma. Diputación Provincial un escrito onde se lle comunicaba que, ó ter que abandonar algúns dos locais asignados á Escola no Pazo de San Marcos,

“se hace necesario el paso a este Centro por la entrada del Instituto de Enseñanza Media, dando lugar con esto a que Profesores y alumnos de

¹⁶ Orde da Presidencia da Xunta Técnica do Estado de 30 de abril de 1937 (BOE do 2 de maio).

¹⁷ Actas de Claustro de Profesores e Rexistro de actas de tomas de posesión e ceses do profesorado (AHU).

¹⁸ Decreto de 10 de febreiro de 1940 establecendo en todo o seu vigor o Real Decreto de 30 de agosto de 1914 e disposicións correspondentes (BOE do 17 de febreiro).

ambos Centros tengan que entrar juntos y como según lo legislado las clases para las alumnas de esta Escuela son por la mañana y los alumnos por la tarde, lo contrario de lo legislado para el Instituto, resulta que se reúnen a la vez chicos y chicas para asistir a las clases, rogando por tales motivos que se sirvan dar una solución adecuada al problema planteado...¹⁹.

E dado que tan premente problema non parecía atopar solución satisfactoria por parte das autoridades competentes, nunha nova sesión do Claustro de Profesores celebrada o 14 de novembro acórdase

“que las alumnas tengan las clases por las tardes en vez de por la mañana como se halla dispuesto, por tener que entrar éstas por el Instituto de Enseñanza Media, en donde se dan las clases de los alumnos por la mañana, y las alumnas por la tarde, evitando de este modo el que se encuentren por la escalera y pasillos alumnos y alumnas a la vez...²⁰.

Con estas e outras medidas de natureza semellante, que significaron un retroceso absoluto na calidade dos estudos de Maxisterio, o Ministerio de Educación Nacional asume o expreso compromiso de *“restaurar la legislación que permita obtener el título de Maestro a aquellas personas que por su espíritu católico no pudieron alcanzarlo en el nefasto período republicano”*. Evidentemente, a necesidade de buscar unha nova colocación ós alféreces provisionais, que servise de compensación ós servicios prestados durante a contenda, está detrás deste cambio de Plan. Non son máis cás primeiras repercusións escolares da posta en marcha do franquismo e o nacional-catolicismo, que nos anos inmediatamente posteriores (Plan Provisional de 1942, Plan de 1945) amosouse contundentemente resolto a completar a liquidación de toda a obra educativa derivada do “materialismo ateo” e a subversión de valores da II República, empeñada *“en arrancar de cuajo el sentido cristiano de la educación”*.

A importancia outorgada ós contidos e valores relixiosos na formación de mestres é explícita dabondo na Acta da reunión do Claustro de Profesores celebrada o 16 de abril de 1943, documento onde se recolle que a Directora

“pone en conocimiento del Claustro que mañana día diez y siete dan fin los ejercicios espirituales que venían realizando las alumnas del Centro bajo la Dirección del Profesor de Religión D. Celestino Saavedra Ascariz y que con tal motivo había una misa de comunión a las diez de la mañana en la capilla de San Roque, a cuyo acto desea que asista todo el profesorado para dar ejemplo del espíritu de religiosidad que existe en el Centro²¹.

¹⁹ Actas de Claustro de Profesores (Secretaría da Escola Universitaria de Formación do Profesorado de Lugo).

²⁰ *Ibidem*.

²¹ *Ibidem*.

As Escolas do Maxisterio, nome co que a Lei de Educación Primaria de 1945 designa ás institucións docentes dedicadas á formación dos mestres, adoptan entón un funcionamento autoritario e xerarquizado, cun marcado protagonismo da dirección e a conseguinte marxinação duns claustros inoperantes (Cárdenas, 1987; Escolano, 1982). A necesidade de iniciar as actividades, xa no curso 1945-46, con arreglo ó disposto nesa Lei obrigou a dictar con urxencia as normas indispensables para o seu inmediato funcionamento. Para iso, ordenouse que *“las Escuelas del Magisterio funcionarán en régimen completamente independiente para alumnos Maestros y alumnas Maestras. A este efecto se tomarán las medidas oportunas para que las tareas docentes se desenvuelvan con entera separación de sexos”*²².

En cumprimento desta nova normativa segregacionista por razón de sexo, a acta da sesión do Claustro de Profesores que tivo lugar o 21 de outubro de 1945 recolle o desdoblamento da Escola do Maxisterio de Lugo en dous centros, un de carácter feminino (que era o que xa estaba a funcionar) e outro masculino, para a dirección do cal acórdase designar a Herminia Martínez Cabrera, por ser a que segue en antigüidade a Carmen Pardo Losada, que continúa como directora da Escola do Maxisterio Feminino²³. Sen embargo, H. Martínez Cabrera manifesta que só acepta o cargo durante o tempo indispensable para que a Dirección Xeral realice o nomeamento da persoa que a substitúa. Así mesmo, o profesorado expresa o seu desexo de seguir pertencendo á Escola do Maxisterio Feminino, aínda que acepta facerse cargo por acumulación das clases na Escola Masculina mentres non se nomee profesorado para o novo centro. Finalmente, en novembro de 1945 a Dirección Xeral nomeou con carácter provisorio a Celestino Saavedra Ascariz, Profesor Especial de Relixión, Director da Escola do Maxisterio Masculino de Lugo²⁴.

Como quedou anotado, as Escolas do Maxisterio (masculino e feminino) de Lugo ocupaban daquela unhas dependencias do Pazo da Deputación Provincial, en condicións tan deplorables que foron clausuradas pola Dirección Xeral de Primeira Ensinanza en marzo de 1946. O oficio remitido desde esa instancia gubernamental, datado en Madrid o 22 de marzo de 1946, rezaba así:

²² Orde de 9 de outubro de 1945 (BOE do 11 de outubro).

²³ Tras 43 anos de servizos docentes e de xestión, Carmen Pardo Losada xubilouse o 21 de agosto de 1959. En sesión celebrada o día 11 de marzo dese ano baixo a presidencia da vicedirectora Ana M^a Múgica Martínez, o Claustro de Profesores solicitoulle ó Ministro de Educación que se lle concedera o título de Directora Honoraria da Escola do Maxisterio Feminino de Lugo. Unha vez producida a xubilación de Carmen Pardo, asumiu a dirección do centro con carácter accidental Ana M^a Múgica Martínez, que xa exercía a dirección da Escola do Maxisterio Masculino. Finalmente, a toma de posesión de A. M^a Múgica como directora tivo lugar o 29 de maio de 1960 (Actas de Claustro de Profesores, Secretaría da Escola Universitaria de Formación do Profesorado de Lugo; Rexistro de actas de tomas de posesión e ceses do profesorado, AHU).

²⁴ Actas de Claustro de Profesores (Secretaría da Escola Universitaria de Formación do Profesorado de Lugo).

“Vista la propuesta formulada por la Directora de la Escuela del Magisterio de Lugo y examinados los informes emitidos en diferentes ocasiones por el Arquitecto escolar de dicha provincia, esta Dirección General ha resuelto clausurar la Escuela del Magisterio de Lugo, dada la ruina inminente de la parte del edificio del Palacio de la Diputación Provincial, en el que actualmente se halla instalada, debiendo procederse a su nueva apertura en el nuevo edificio que se está construyendo con destino al Instituto y a la Escuela del Magisterio, cuando esté completamente terminado o cuando las condiciones de instalación lo consientan”²⁵.

De todo iso dáselle conta ó Gobernador Civil, co fin de que dispoña os medios necesarios para efectuar o traslado ás novas dependencias o antes posible e aliviar así os prexuízos de todo tipo derivados da clausura. Os exames propios das modalidades de ensino oficial e libre realizáronse no Grupo Escolar “Menéndez y Pelayo”, onde funcionaban as correspondentes Escolas Graduadas Anexas ás do Maxisterio. Sen embargo, o retraso das obras fixo que no mes de novembro do mesmo ano se autorizase de novo a reapertura do centro, que continuará funcionando en situación de provisionalidade na mesma localización anterior.

5. O Plan de Estudos de 1950: 17 anos de esencias franquistas

Segundo o novo plan de estudos posto en marcha en 1950²⁶, para acceder ós estudos de Maxisterio tan só se require estar en posesión do título de Bacharelato Elemental; un sinxelo exame de ingreso abre as portas a tres anos de estudos que se completan cunha reválida. Este proxecto de formación inicial dos mestres, que se prolongou ó longo de case dúas décadas, apoiábase *“en los más puros principios de la clásica pedagogía cristiana”* e contaba entre as súas tarefas formativas prioritarias a educación político-social e patriótica dos futuros mestres. As disposicións contidas no Regulamento para as Escolas de Maxisterio non deixan lugar a moitas dúbidas: *“Todas las Escuelas del Magisterio se ponen bajo la advocación del Divino Maestro. El Crucifijo y una imagen de la Santísima Virgen presidirán las dependencias del Centro. En cada aula habrá, además, un retrato del Jefe del Estado”* (Artigo 2). Así mesmo, *“en cada Escuela del Magisterio habrá una Capilla que estará a cargo del Capellán del Centro, el que cuidará de la dirección espiritual de los alumnos”* (Artigo 4). Finalmente, entre as obrigas dos estudantes de

²⁵ *Ibidem.*

²⁶ Decreto de 7 de xullo de 1950 polo que se aproba o Regulamento para as Escolas do Maxisterio (BOE do 7 de agosto).

Maxisterio figuraba “*estar encuadrado en la Sección de Enseñanza del Frente de Juventudes o de escolares de la Sección Femenina*” (Artigo 17).

Tampouco debe pasarse por alto a novidosa imposición de asistir con aproveitamento, ó rematar os estudos de segundo ou terceiro curso, a unha quenda de campamentos ou albergues organizada polo Frente de Xuventudes ou a Sección Femenina; polo xeral, os alumnos lucenses cumprían esta esixencia no Campamento Xuvenil “José Luis de Arrese” (A Devesa, Ribadeo), mentres que as alumnas eran adoutrinadas en emprazamentos máis diversificados.

Por se isto non abundase, entre os requisitos que os mestres e as mestras debían reunir para poder concorrer ás oposicións a ingreso no Maxisterio Nacional constaba a acreditación documental dunha conducta irreprochable en todos os aspectos, mediante certificacións expedidas polo Párroco e o Comandante do posto da Garda Civil ou polo Comisario de Policía da localidade da súa residencia²⁷. Por outra banda, no tribunal cualificador das probas figuraban tres mestres nacionais en calidade de vocais: un deles proposto pola xerarquía eclesiástica; outro, polos Organismos do Movemento, e o terceiro, designado pola Dirección Xeral de Ensinanza Primaria, oído o S.E.M. (Guzmán, 1973).

En calquera caso, o importante continxente de estudantes dispensados de escolaridade ou libres xa nos pon sobre aviso acerca da infravaloración destes estudos e dos centros que os imparten (Cárdenas, 1987), ó que debemos engadir as facilidades para o acceso ás Escolas do Maxisterio “*a quienes terminaron su carrera sacerdotal y a los que después de unos años de estudio y formación en los Seminarios por diversas causas no la terminaron*”²⁸. Evidentemente, daquela –igual que agora– o título de mestre era utilizado máis polo seu valor de cambio no mercado de traballo que polo seu propio valor de uso profesional.

A fase inicial do “Plan 50” coincide, por fin, coa construción do novo edificio das Escolas do Maxisterio e as súas correspondentes Graduadas Anexas, situado na Avenida de Ramón Ferreiro, o seu emprazamento actual. As obras xa comezaran a principios do ano 1949 e a súa inauguración, ás seis e media da tarde do 8 de setembro de 1954, correu a cargo do ministro de Educación Nacional, Joaquín Ruiz-Giménez, que estivo acompañado, entre outras autoridades, polo Director Xeral de Ensinanza Primaria, Eduardo Canto Rancaño, o Rector da Universidade de Santiago de Compostela, Luis Legaz Lacambra, e o Secretario do Consello de Educación Nacional, Manuel Fraga Iribarne.

²⁷ No primeiro período franquista era preciso presentar, ademais, un certificado de adhesión ós principios do novo Estado, expedido pola Xefatura Provincial de F.E.T. e das X.O.N.S.

²⁸ Decreto de 8 de xuño de 1956 sobre convalidación de estudos eclesiásticos polos correspondentes do Maxisterio (BOE do 26 de xuño).

A propósito do solemne acto, o diario *El Progreso* publicou en lugar destacado unha eloxiosa reportaxe de Francisco Rivera Manso que finalizaba expresando a súa convicción de que, en sinal de agradecemento, a cidade de Lugo “*rendirá homenaje de pleitesía y cariño a ese hombre que Dios ha querido depararnos en estos angustiosos momentos por que atraviesa la humanidad, para gloria y salvación de España. A ese hombre, Caudillo indiscutible de España. A Francisco Franco Bahamonde*”.

O custo total das novas instalacións, tras unha ampliación do proxecto levada a cabo en 1952, ascendeu a 15 millóns de pesetas. A recepción provisional do edificio tivo lugar o día seguinte da inauguración, aínda que a definitiva non se produciu ata o 4 de xullo de 1963, unha vez transcorrido o prazo de garantía sinalado para as obras executadas²⁹.

En 1963 decídese a reunificación dos centros que ata entón se viñeran dedicando por separado á formación de mestres e de mestras³⁰, se ben o Ministerio de Educación Nacional non a fai operativa ata o inicio do curso 1964-65³¹. Nese momento, a Escola do Maxisterio Masculino “Obispo Odoario” e a Escola do Maxisterio Feminino “Santa María” pasan a constituír unha soa Escola do Maxisterio, cun único director, secretario e claustro; a este respecto, a orde ministerial determina expresamente que “*habrá sólo un Profesor por disciplina, con la única excepción del Profesorado de Formación del Espíritu Nacional y de Educación Física*”.

Por conseguinte, con data 30 de setembro de 1964, cesan nos seus respectivos cargos de director da Escola do Maxisterio Masculino e directora da Escola do Maxisterio Feminino Antonio de la Iglesia Pascual e Ana M^a Múgica Martínez, segundo o disposto na orde citada. Continuando o proceso regulamentario, o 1 de outubro de 1964 toma posesión do seu cargo de Directora accidental da Escola do Maxisterio de Lugo Ana M^a Múgica Martínez, por acreditar a maior antigüidade entre os directores existentes ó

²⁹ A tal efecto, a Comisión designada pola Dirección Xeral de Ensinanza Primaria estivo integrada por Manuel Sureda Costas, Arquitecto Xefe do Servicio de Valoración Urbana da Delegación Provincial de Facenda, en representación da Intervención Xeral da Administración do Estado; Sofía Somoza Castro, Directora accidental da Escola do Maxisterio Feminino; Antonio de la Iglesia Pascual, Director da Escola do Maxisterio Masculino; Francisco Navarro Borrás, Arquitecto Director das obras, e Severino Martínez Vázquez, contratista das mesmas (Documentos varios, AHU).

³⁰ Decreto 917/1963, de 25 de abril, sobre redistribución do número de Escolas do Maxisterio nas distintas provincias, conforme ó número de alumnos matriculados (BOE do 6 de maio). No seu Artigo primeiro dispónse o seguinte: “*En las provincias en que el número total de alumnos masculinos y femeninos lo aconseje habrá una sola Escuela del Magisterio de carácter oficial, atendiendo el Profesorado de esta única Escuela a la docencia del alumnado de cada sexo con la debida separación de las enseñanzas*”.

³¹ Orde de 24 de setembro de 1964 pola que se dispón queden refundidas nunha soa Escola do Maxisterio as que se citan (BOE do 8 de outubro). A refundición, con efectos de 1 de outubro de 1964, afectou ás Escolas para mestres e mestras existentes nese momento en Lugo, xunto con outras 29 localidades máis (entre elas A Coruña, Ourense, Santiago e Pontevedra).

dispoñerse a refundición. Despois, e consonte co especificado na mencionada Orde, o xa unificado Claustro de Profesores, reunido o 20 de outubro de 1964, acordou propoñer á superioridade a preceptiva terna de Profesores numerarios candidatos á Dirección do único centro resultante, que resultaron ser Antonio de la Iglesia Pascual, Joaquín Marbán Román e Ana M^a Múgica Martínez. Esta última foi a que pasou a desempeñar o cargo de Directora da Escola do Maxisterio de Lugo, do que tomou posesión o 8 de decembro de 1964 e no que se mantivo ata o 8 de outubro de 1967; aínda continuaría como directora accidental ata o 5 de decembro de 1967, cando se posesionou como novo Director Joaquín Marbán Román³². Sen embargo, nada diso foi óbice para que se mantivesen dúas seccións –unha masculina e outra feminina– practicamente incomunicadas entre si, toda vez que, pese á refundición, nas aulas continuou a absoluta separación de alumnas e alumnos ata a derradeira promoción do “Plan 50” (1966-1969).

6. 1967-1972, un lustro ás portas da integración na Universidade

A posta en escena dun novo plan de estudos en 1967³³ formaliza a aspiración de darlles unha categoría “case” universitaria ós estudos de Maxisterio. En efecto, os aspirantes a mestre deben acreditar o título de Bacharelato Superior, seguir dous cursos de estudio nas novamente denominadas Escolas Normais, superar unha proba de madurez e realizar un período remunerado de Prácticas de Ensino dun curso escolar de duración. As materias aparecen cunha nova denominación que parece salienta unha certa intención profesionalizadora do plan de formación (“Didáctica das Matemáticas”, “Didáctica das Ciencias Naturais”, “Didáctica da Física e Química”, “Didáctica da Lingua Española e Literatura”, “Didáctica da Xeografía e Historia”, “Didáctica da Relixión”, “Didáctica da Formación do Espírito Nacional”, etc.); pero non podemos facernos demasiadas ilusións, xa que, enmarcadas nunha estrutura institucional tradicional e sen modificación algunha no cadro docente, as Didácticas específicas pouco podían facer á marxe de prestar o seu nome para enumerar as distintas asignaturas.

Os futuros mestres mantiñan a obriga de asistir a uns cursos de capacitación nas actividades xuvenís de tempo libre, de carácter non tan político como na etapa anterior, pero encomendados igualmente ás Delegacións

³² Actas de Claustro de Profesores (Secretaría da Escola Universitaria de Formación do Profesorado de Lugo) e Rexistro de actas de tomas de posesión e ceses do profesorado (AHU).

³³ Decreto 193/1967, de 2 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Ensinanza Primaria (BOE do 13 de febreiro).

Nacionais de Xuventudes e Sección Feminina. Unha estimulante novidade do novo Plan posibilitaba que os alumnos de mellor expediente académico tivesen a posibilidade de acceder directamente ó Corpo do Maxisterio Nacional. Aínda que o Plan de 1967 asentábase nuns fundamentos e expresábase nunha linguaxe que seguían rezumando o ideario franquista, soubo desprenderse dos aspectos ideolóxicos máis fascistoides e tratou de responder ós imparables cambios económicos e sociais que daquela estaban a se producir xa na nosa sociedade (Carbonell, 1987; Escolano, 1982).

A promulgación da Lei Xeral de Educación (1970) trae consigo dúas repercusións inmediatas nas Escolas de Maxisterio: por unha banda, a vella denominación de “mestre” substitúese pola de “profesor de EXB”, con rango de diplomado universitario e coa posibilidade de acceder, unha vez superado un curso de adaptación, ó cuarto ano de determinadas Licenciaturas; e por outra, este tipo de centros pasan a integrarse na Universidade coa consideración de “Escolas Universitarias”, convertíndose a partir do curso 1972-73 en Escolas Universitarias do Profesorado de Educación Xeral Básica³⁴. O Plan Experimental de 1971 modula a nova titulación e mantén a posibilidade de acceso directo ó novo corpo de Profesores de EXB en condicións semellantes ás vixentes durante o Plan anterior (Escolano, 1982; Guzmán, 1986; Marco e Porto, 2000). Pero aínda que a Lei impulsada por Villar Palasí significou para as Escolas de Maxisterio a súa incorporación de dereito á Universidade, a súa integración de feito nas estruturas universitarias adiarase polo menos durante quince anos.

Bibliografía

- Benejam, P. (1986): *La formación de maestros: una propuesta alternativa*. Barcelona, Laia.
- Carbonell, J. (1987): “La formación inicial del profesorado en España: algunas reflexiones históricas y actuales para una alternativa”. *Revista de Educación*, 284, pp. 39-52.
- Cárdenas Olivares, I. (1987): *La Geografía y la formación de maestros en España: su evolución en la Escuela Normal de Murcia (1914-1976)*. Murcia, Universidad de Murcia.
- Castro S. Freire, S. (1951): *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica*. Lugo, Celta.
- Correa Fernández, A. (1900): *Historia de fin de siglo. Descripción histórico-geográfica de la provincia de Lugo, con las biografías de sus habitantes*

³⁴ Decreto 1381/1972, de 25 de maio, sobre integración das Escolas Normais na Universidade como Escolas Universitarias de Profesorado de Educación Xeral Básica (BOE do 7 de xuño).

- e hijos más notables en el último año del siglo XIX* (2 tomos). Lugo, A. Villamarín.
- Escolano, A. (1982): "Las Escuelas Normales, siglo y medio de perspectiva histórica". *Revista de Educación*, 269, pp. 55-76.
- González Pérez, T. (1994): "Trazos históricos sobre la formación de maestros". *Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, 21, pp. 175-198.
- Guzmán, M. de (1973): *Cómo se han formado los maestros: 1871 a 1971. Cien años de disposiciones oficiales*. Barcelona, Prima Luce.
- Guzmán, M. de (1986): *Vida y muerte de las Escuelas Normales. Historia de la formación del Magisterio Básico*. Barcelona, PPU.
- Marco López, A. e Porto Ucha, A. S. (2000): *A Escola Normal de Santiago de Compostela. De Escola Normal Superior a Escola Universitaria (1849-1996)*. Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.
- Prado Gómez, A. (1990): *La Diputación Provincial y los inicios de la instrucción pública en Lugo*. Lugo, Diputación Provincial de Lugo.
- Prado Gómez, A. (1994): "Unha visión do sistema educativo no primeiro liberalismo: 1842-1868". *CL Aniversario do Instituto Provincial de Lugo*. Lugo, Diputación Provincial de Lugo, pp. 17-53.